

FLORES

Maxicas

Queres ver como florecen flores de papel?

Para iso necesitas o seguinte material:

- Follas de papel
- Ceras ou rotuladores
- Tesoiras
- Auga

O primeiro será debuxar unhas flores (cos pétalos bastante grandiños) nun folio e despois pintalas, outra opción tamén será facelo en folios de cores para non ter que pintar.

Cando as teñas rematadas terás que recortalas coas tesoiras e dobrar os pétalos hacia o medio uns encima dos outros.

Colles un recipiente cun pouquiño de auga e xa poderás botar alí as túas flores para observar como van florecendo.

NON TES CURIOSIDADE POR SABER SE AS TÚAS FLORECEN?

